



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xullo 2023 • Nº 280



XULLO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

OLLO!!

EN AGOSTO NON HABERÁ BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL... VÉMONOS EN SETEMBRO!!

VEDRA FESTEIRA

EN XULLO...

- **FESTAS EN MERÍN:** os días 9, 10, 15 e 16 de xullo.
- **FESTAS DO CARME EN TROBE** o 15, 16 e 17 de xullo.
- **FESTAS PATRONAIS EN PONTE ULLA** o 22 e 23 de xullo.

EN AGOSTO...

- **FESTAS EN SAN FINS DE SALES** os 1, 2 e 3 de agosto.
- **FESTAS EN SAN MAMEDE** o 7 e 8 de agosto.
- **XII FESTA DO CHOURIZO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN** o 6 de agosto. Inscricións e consultas no teléfono 676 28 40 82.
- **FESTAS DO SAN CAMPIO EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN** o 9, 10 e 11 de agosto.
- **CONCENTRACIÓN DE MOTOS VAL DO ULLA** o 19 e 20 de agosto. Inscricións e máis información no teléfono 687 65 39 34.
- **FESTAS DO SANTIAGUIÑO EN VILANOVA** o 25 e 26 de agosto.

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA

■ Vedra continúa ofertando este servizo de información de catastro no que é IMPRESNCINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814 612 en horario de 9:00 a 13:00 horas.

- En xullo será o martes 18 de xullo.
- En agosto será o mércores 16 de agosto!! (OLLO AO CAMBIO!!)

ITV AGRÍCOLA EN VEDRA

■ Será previsiblemente no mes de outubro e informárase oportunamente en vindeiros exemplares do boletín.

HORARIO DE VERÁN

■ O horario de verán de atención ao público será de 9:00 a 13:00 horas. (Dende o 15 de xuño ao 15 de setembro).





Actuación do grupo de teatro de maiores no Centro Social coa obra "A Conexión Augardente".



Clausura da Escola de Xadrez de Vedra.



Actividade de manualidades na Casa das Artes.



Escola de Pintura Municipal de Vedra.



Foto de familia das actividades das Escolas Deportivas no Pavillón de Vedra.



Festival Fin de Curso de Patinaxe.



Fin de Curso do Programa de Actividades da Terceira Idade.



Fin de curso na Escola Infantil Municipal de Vedra.



Campamentos de Verán 2023, no que participaron 140 nenos e nenas de Vedra e Boqueixón.



Última etapa de sendeirismo, que descansa ata o mes de outubro.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Obradoiro de Escritura Creativa da ANPA do CEIP Ortigueira impartido por Cristina Collazo.



Festa fin de curso da ANPA do Ceip Ortigueira.



Entrega de premios do VIII Concurso do Serán das Letras da A.C. San Campio.



Festa d@ soci@ da Asoc. Cultural San Campio.



A Ciclocharla do Club Ribadoulla.



O Día da Bici en Vedra co Club Ribadoulla.



Torneo Fútbol - 8 do C.D. San Mamede, celebrado no seu campo "Manuel Silva".



Sesión da Escola de Familias da Anpa CPI de Vedra sobre a educación afectiva e sexual desde as familias.



A Ruta Cabalar da Asociación Río Pereiro.



A Escola Ambiental Ríos de Vida da Asoc. Amabul.



Unha das actuacións das audicións en familia da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Proxectos Europeos

VEDRA VISITA CROACIA NO 2º EVENTO DO PROXECTO winEU.rur

■ En xuño tivo lugar en Tuheljske Toplice (Croacia) o segundo evento internacional do proxecto winEU.rur (programa CERV-Rede de Cidades da UE) liderado polo Concello de Vedra e que ten como temática a protección das nosas paisaxes agrícolas e dos nosos valores tradicionais relacionados coa labranza e a colleita do viño.

Durante este evento o territorio de Vedra foi presentado ao resto de países participantes no evento, así como a traxectoria de noso Concello no ámbito dos proxectos europeos.

Así mesmo, coa delegación vedre-

sa viaxou o noso veciño e emprendedor, Pepe Albela, cuxo traballo e proxecto foi presentado como boa práctica polo noso municipio, un bo exemplo de saber conxugar

a innovación e a creatividade co respecto polo noso medio e polos recursos da nosa terra, demostrando que o éxito no rural tamén é posible.



PISCINA MUNICIPAL

DO 6 DE XULLO AO 31 DE AGOSTO

- Horario: De luns a venres de 15:00 a 21:00 horas.
- Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21:00 horas.

ABONOS E ENTRADAS DIRECTAMENTE NA INSTALACIÓN.

CONSULTA AS TARIFAS E A INFORMACIÓN NA WEB MUNICIPAL.

EN CASO DE MAL TEMPO AS INSTALACIÓNS PERMANECERÁN PECHADAS.



PISCINA

VERÁN 2023



DO 6 DE XULLO AO 31 DE AGOSTO

DE LUNS A VENRES DE 15.00 H A 21.00 H
SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS DE 16.00 H A 21.00 H

ABONOS E ENTRADAS DIRECTAMENTE NA INSTALACIÓN.
*CONSULTA AS TARIFAS E A INFORMACIÓN EN CONCELLODEVEDRA.GAL
*EN CASO DE MAL TEMPO AS INSTALACIÓNS PERMANECERÁN PECHADAS



CORRENTES DO ULLA

DESCENSO DO ULLA EN PIRAGUAS

- Sábado 8 de xullo.
- Prezo: 25 € (Inclúe, 1 praza en piragua -de 2 pers., chaleco salvavidas e seguro).

Prezo: 25 € (inclúe, 1 praza en piragua de 2 pers., chaleco salvavidas e seguro). Poderán participar @s maiores de 13 anos con autorización. Prazas limitadas. Inscripcións entre o 12 e o 30 de xuño en www.concellodevedra.gal

SABADO 8 DE XULLO



DESCENSO DO ULLA EN PIRAGUAS



Poderán participar os/as maiores de 13 anos con autorización.

Prazas limitadas.

CAMPO DE VOLUNTARIADO "Visualizando Camiños"

- Do 15 ao 26 de xullo

Neste campo de voluntariado medioambiental e de dinamización farase unha recollida de información arredor dos Camiños de Santiago por boca das persoas maiores dos Concellos de Boqueixón e de Vedra.

Tamén se realizará unha campaña de promoción dos camiños de Santiago: Vía da Prata, Miñoto Ribeiro e o Camiño de Inverno, mediante a creación de contidos audiovisuais.

- Idades: de 18 a 30 anos
- Colabora: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado



■ GOZA DO ULLA – SENDEIRISMO

- Domingo 6 de agosto /saída ás 10:00 h.
- Ruta de San Xoán da Cova (P.R.G-36)
- Distancia: 11,2 Km.
- Duración: 3 h. 15 min.
- Dificultade: media-baixa.

Descrición: Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura). Ten o seu inicio no Miradoiro de Gundián -xunto á ponte do ferrocarril- e o remate na “Área de Recreo de Cubelas”.

No seu percorrido atopámonos con numerosos puntos de interese: o pobo da Ponte Ulla coa súa igrexa,

o muíño de Reboredo, a área de recreo de Agronovo, o Couto de Ximonde coa súa ponte colgante...

Punto de encontro:

- Área de Recreo de Cubelas (San Pedro de Sarandón): 9:30 h. para deixar o coche. Un autobús levará aos participantes ao punto de saída.

Punto de saída:

- Miradoiro do Gundián (A Ponte Ulla): 10:00 h.

Máis información: 669 450 804-981 814 691 ou turismo@concellodevedra.gal.

Inscripcións: desde o 10 de xullo en www.concellodevedra.gal.

SON VERÁN

■ ALUGUER DE PIRAGUAS E TÁBOAS DE PADDLE SUR NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

Durante os meses de xullo e agosto, todos os venres, sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas e ás táboas de paddle surf mediante o seu aluguer a un prezo de 4€/ hora.



son verán

Aluguer de piraguas e tablas de paddle surf

- Área de recreo de Agronovo
- Xullo e Agosto
- Venres, sábados e domingos
- 16:00 a 20:00 h
- Aluguer 4 euros hora

• • • • •

Información:
Tel: 981814612
669450804



■ SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT

O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos poderán gozar do servizo previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.



son verán

Aluguer de bicis

Puntos de aluguer de bicicletas:

- Bar Barreiro
Cibran nº9, San Xián de Sales
Telf: 981512492
- Oficina de turismo
Reitoral de Ponte Ulla
Telf.: 669450804

• • • • •

Información:
Tel: 981814612
669450804



Puntos de intermediación do aluguer de bicicletas: Lugar e horario do servizo de aluguer de bicicletas:

- **Oficina de Turismo e de atención ao peregrino/a,** Antiga Reitoral de Ponte Ulla. Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 15:00 h.
- **Bar Barreiro:** Cibrán nº 9, San Xián de Sales. Tfno.: 981 511 508. Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 h.
- Ou chamando ao 981 814 612 concello de Vedra.

Disponibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

Declaración de alta como usuario:

Os interesados en gozar do sistema de aluguer de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

Custe do servizo:

O custe é de 3 €, co límite de tempo fixado (6 h).

Xestiona o servizo: Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns".



son verán

Visitas guiadas

- Pazo de Santa Cruz (prezo a consultar)
- Área de Interpretación dos Muíños
- Couto de Ximonde
- Baixo reserva, grupo mínimo 8 persoas

.....

Información:
Tel: 981814612
669450804

 Concello de Vedra

Servizos Sociais

INFORMACIÓN SOBRE OS CERTIFICADOS DE FAMILIA MONOPARENTAL DA XUNTA DE GALICIA

■ A Dirección xeral de familia, infancia e dinamización demográfica publicou unha circular na que incrementa a vixencia dos certificados dous anos máis.

Consulta o documento orixinal na seguinte ligazón:
<https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/familias-monoparentais>

PROGRAMA TURISMO DO IMSERSO PARA A TEMPADA 23/24

■ Aberto ata o 25 de xullo de 2023 o prazo para darse de alta no programa de turismo do IMSERSO para a tempada 2023/2024.

Aquelas persoas que xa estiveran acreditadas de anos anteriores recibirán unha carta cos seus datos persoais e elección de zonas de turismo. No caso de que todo estea correcto, NON deberán facer ningún trámite máis. ATENCIÓN: No caso de detectar algún erro ou

de desexar cambiar a zona de turismo deberán indicalo no prazo indicado!!

TODA A INFORMACIÓN NO TELÉFONO DO IMSERSO 912 667 713 ou na súa páxina web.





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Excursión á praia - "Comida campestre". Cabanas - praia da Magdalena

Xoves 20 de xullo.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas-

Programa: Preténdese que este sexa un día de diversión e confraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas zonas de sombra... Pola mañá visitaremos lugares de interese da zona. Pola tarde praia.

(O prazo de inscrición ábrese o luns 10 de xullo ás 17:00 h. de xeito presencial na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 814 612. As prazas e número de



asento adxudicaránse por orde de inscrición).

En xullo e agosto o centro social permanecerá pechado.

No exemplar de setembro do boletín sairá toda a información sobre o vindeiro curso.

LUDOVERÁN

■ Unha alternativa próxima para aquelas persoas que necesiten coordinar os seus períodos laborais cunha atención integral para as súas fillos/as.

No verán a cativada dispón de tempo libre, seguindo as liñas pedagóxicas que vimos desenvolvendo, pensamos que é axeitado brindarlles a oportunidade de compartir ese tempo, relacionándose cos outros nun marco lúdico. Con actividades como:

- Manualidades e creatividade
- Psicomotricidade
- Contacontos
- Xogos e animación
- Xincanas e xogos de pistas
- Outras actividades significativas e saídas didácticas todas as semanas

Horario: de luns a venres de 8:30 a 14:30 h.



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

■ A veciñanza poderá acudir nos días de atención ao público (luns, xoves e venres, de 9:00 a 14:00 horas) a solicitar información e tramitar os seus expedientes. **Dispoñer de cita previa, chamando ao teléfono 981 814 693 facilitará unha mellor organización e atención, polo que se recomenda concertar unha cita.**

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

Continúa na páxina 9

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual. Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVICIO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou deri-

var ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.

Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade.

As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

De Interese

CHEGA 700 UNHA NOVA REDE MÓBIL A VEDRA!!

■ Durante as primeiras semanas de xullo será activada unha nova rede móbil de nova xeración no noso termo municipal, polo que se detectan algún tipo de problema de visualización nas canles de TED deberán poñerse en contacto coa entidade responsable no teléfono: 900 833 999 ou no correo electrónico: ayuda@llega700.es





CURSO 2023/2024 DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VEDRA

■ Moita atención ao mes de setembro, nel chegará o momento de anotarse ás diferentes alternativas municipais culturais e deportivas!!

NAS ACTIVIDADES CULTURAIS...

Renovación de prazos: Do 4 ao 13 de setembro (as persoas usuarias das actividades serán informadas do procedemento a seguir)

Novas matrículas: Formalización do 19 ao 27 de setembro (toda a información no folleto informativo do vindeiro curso).

Consultas e información no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico: cultura@concellodevedra.gal

NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS...

Renovacións: Do 4 ao 13 de setembro ábrese o prazo para que as persoas usuarias das actividades deporti-

vas municipais, tanto actividades deportivas para persoas adultas como actividades deportivas en idade escolar, poidan renovar a súa praza para o vindeiro curso. A principios de setembro recibirán un correo electrónico cun enlace dende o servizo de deportes para poder facer a renovación online. Tamén poderán tramitar as renovacións de xeito presencial de 10:00 a 14:00 no concello ou de 19:00 a 23:00 no pavillón. No caso de que non reciban o enlace de inscrición póñanse en contacto co servizo de deportes, sempre antes do 14 de setembro, no enderezo de correo electrónico deportesvedra@outlook.es, ou por teléfono pola mañá chamando ao concello (tf. 981 814 691) ou pola tarde ao pavillón (tf. 981 502 290) dentro dos horarios que se indican anteriormente.

Novas altas: O prazo de alta de novas persoas usuarias das actividades será do 19 ao 27 de setembro a través da páxina www.deportesvedra.com. Tamén poderán tramitar as novas altas de xeito presencial de 10:00 a 14:00 no concello ou de 19:00 a 23:00 no pavillón.

Muller



FALAMOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO ...

■ **MULLERES VÍTIMAS MORTAIS:** 1.206 mortes desde o 1 de xaneiro de 2003 ata o día de hoxe.
2023: 22 (De 1 de xaneiro ata o día de hoxe).

MENORES VÍTIMAS MORTAIS: 49 asasinatos desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o día de hoxe.
2023: 1 (De 1 de xaneiro ata o día de hoxe)

ORFOS E ORFAS MENORES DE IDADE: 400 orfos desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o día de hoxe.
2023: 23 (De 1 de xaneiro ata o día de hoxe).

DENUNCIAS RECIBIDAS: 2.053.605 denuncias desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2022.
2022: 182.078 (De 1 de xaneiro ao 31 de decembro)

ORDES DE PROTECCIÓN INCOADAS: 521.063 ordes de protección desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2022.
2022: 39.909 (De 1 de xaneiro a 31 de decembro)

CHAMADAS PERTINENTES AO 016: 1.171.583 chamadas ao 016 desde o 3 de setembro de 2007 ata o 30 de abril de 2023.

2023: 34.060 chamadas (de 1 de xaneiro a 30 de abril)

VITIMIZACIÓNS DE MULLERES POR AGRESIÓNS SEXUAIS: 31.042 vitimizacións do ano 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2021
2021: 3.853

Desde o concello de Vedra seguimos denunciando o grave problema da violencia de xénero que require dunha atención urxente e dirixir os esforzos a que as vítimas se sintan protexidas e apoiadas polas institucións públicas.

Denunciar a violencia de xénero: Que teléfonos e servizos hai a disposición das mulleres?

- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas,

teléfono : 981 814 693.

- CIM, centro de información á muller:
 - Atención xurídica. Venres de 8:00 a 15:00 h.
 - Atención psicolóxica. Martes de 10:00 a 13:00 h.

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia

contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinario coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Iniciativas das Asociacións

XX FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO. 14 E 15 DE XULLO NO PAZO DE ORTIGUEIRA

■ A banda de música de Santa Cruz de Ribadulla celebra os 20 anos de historia do seu "Festival de Bandas".

Faino cunha programación orixinal e diferente que non te debes perder!!

Programa:

14 de xullo 22:30 h. "Ribadulla Rock":

- A Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla e colaboradores interpretarán versións de grandes éxitos de artistas como Bon Jovi, Freddie Mercury, AC/DC, Queen...



15 de xullo 19:00 h. "Festival de Bandas do Patio":

- Coa banda de Música Municipal de Agolada dirixida por Miguel Adrián Pazos Alonso.
- Coa banda de Música Municipal de Silleda dirixida por Rafael Agulló Albors.
- E coa banda de Música Santa Cruz de Ribadulla dirixida por Alejandro Cimadevila Louzao.





A NICOLAS FUENTES PRADO

■ Xogador do Equipo de Baloncesto "Obra-doiro Vedra", por ser convocado pola Selección Galega en categoría 3x3 U15 masculino e participar do Campionato de Seleccións Autonómicas celebrado en Blanes (Girona).



A NURIA MENIÑO RENDO

■ Por converterse na Campioa Provincial de A Coruña e Campioa Galega na categoría infantil Prebase de Ximnasia Rítmica no XVII Memorial Antonio Prada, celebrado en Ourense o pasado 3 de xuño de 2023.



Nuria, á dereita da imaxe.

A ENRIQUE NEIRA

■ Polo seu "Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais" polo seu traballo: *"Do aritmómetro á computación cuántica. Como as máquinas de cálculo, informáticas, robóticas e de comunicación transformaron Galicia nun século e medio"*.



A MEL BERCE

■ Polo seu segundo ouro consecutivo no Premios London Honey Awards 2023.



A XANELA DA LINGUA...

SOBRE O DICCIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

■ Cando dubides... Emprega este dicionario que establece a norma da lingua galega no referente ao léxico. Nel poderás atopar a ortografía normalizada de case 60.000 artigos lexicográficos e os seus significados, así como información importante sobre a pronunciación, as propiedades gramaticais, os sinónimos, os antónimos, o rexistro, e outros datos útiles para o uso correcto da lingua.

Só tes que visitar a seguinte ligazón: <https://academia.gal/diccionario>



REAL
ACADEMIA
GALEGA

PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!